



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e literatura galegas

Curso Académico: Curso 2017-2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e literatura galegas
Mencións/Especialidades	_____
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	_____
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	_____
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Lingua e Literatura Galegas (GLLG) mantén a súa relevancia no sistema universitario de acordo cos requisitos esixidos no seu ámbito profesional, académico e científico. As accións de actualización desenvolvidas nos últimos cursos supuxeron, entre outras actuacións, a implantación de materias que contribuíron a mellorar a preparación do alumnado, tanto no marco da súa formación académica como no da súa incorporación no mundo laboral.

Verbo da adecuación do título ás saídas laborais máis inmediatas dos graduados do GLLG, estas continúan a ser o ensino (docencia na Educación Secundaria e docencia en lectorados de universidades fóra do sistema universitario galego) e a investigación (centros públicos de investigación en humanidades e ciencias sociais). Con diferenza, a docencia no ensino obrigatorio das materiais de lingua e literatura galegas é o principal destino profesional do alumnado graduado no GLLG. Nos últimos anos, co incremento do número de prazas ofertadas nas convocatorias de oposicións, foron moitos os graduados que, unha vez superado o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, se incorporaron ós cadros de persoal de centros de ensino. No ano 2018 convocáronse 75 prazas para profesores de secundaria da especialidade Lingua e literatura galegas; ó longo deste mesmo ano tamén se convocaron varias prazas de profesores-lectores en universidades de fóra do sistema universitario galego.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante este curso non se produciron modificacións na oferta de módulos e materias do GLLG. No informe do curso pasado sinalábase que a estrutura de módulos e materias se mantiña de acordo co establecido na MV coas únicas propostas de modificación que afectaban ás materias *A literatura infantil e xuvenil galega* (G5051342) e *Ensino do galego como segunda lingua e lingua estranxeira*. A primeira delas aínda se ofertou neste curso (será substituída por *Teoría e práctica da tradución literaria en galego* no curso 2019-2020) e a segunda ofertouse por segunda vez e cuns índices de matriculación similares ós do curso pasado. A inclusión desta última materia, como xa se indicou, ten como obxectivo mellorar a formación do alumnado nun aspecto ligado directamente coa principal saída profesional.

Con relación ó tamaño dos grupos e segundo os datos dos que dispoñemos, o aumento de alumnos matriculados na titulación

incrementou a media de alumnos por grupos teóricos (28) e prácticos (20). Con todo, estes índices evidencian que se mantén una distribución que garante a calidade da docencia recibida; é de notar que as ratios están por debaixo dos valores medios de toda a universidade (53% e 21%).

Con respecto á participación do alumnado en programas de mobilidade, tanto entrante como saínte, o número de participantes é escaso, dada a singularidade da titulación. A porcentaxe de alumnos recibidos a través de programas de mobilidade sobre o total de alumnos matriculados foi de 1,43 e só un alumno da titulación participou nun programa de mobilidade (Erasmus+; estadia anual na Universidade de Lisboa).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten ós estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O GLLG realizou durante este curso accións para garantir a coordinación vertical e horizontal. Continuouse coas accións de coordinación horizontal mediante reunións entre profesores de materias afíns co propósito de analizar os contidos, mellorar a adecuación e evitar solapamentos. Ademais celebráronse tamén reunións de profesores por curso, convocadas polos coordinadores de curso e nas que, entre outras cuestións, se analizaron os resultados das reunións mantidas cos alumnos dos distintos cursos. Estas reunións, organizadas pola coordinadora do GLLG e polos coordinadores de curso, resultaron de moito interese, xa que serviron para recadar información específica sobre aspectos particulares da docencia e contidos das materias e tamén sobre a mesma estrutura do grao. Os coordinadores elaboraron un informe por curso que se lles fixeron chegar a todos os profesores do GLLG (Informe reunións alumnado_2017_2018.pdf; E5).

En relación coas prácticas externas, este curso, de acordo coa proposta feita no IRA e iniciada no 2016-2017, realizouse unha reunión informativa para o alumnado interesado en realizar prácticas. Nesta reunión responsables do centro e da titulación e tamén os representantes das empresas e entidades fixeron unha presentación do sentido xeral e particular desta actividade formativa. Segundo os datos recadados nas enquisas de satisfacción, tanto os titores académicos mostran un grao moi alto de satisfacción coas prácticas. Os alumnos que realizaron prácticas mostraron tamén a súa satisfacción (7.2). Con todo, será necesario poñer en marcha algunha acción para concienciar ó alumnado do interese que para eles ten a realización de prácticas titorizadas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa funcións, n en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

No curso 2017-2018 accederon ó GLLG 55 estudantes. O número inicial de solicitudes foi de 165 para 50 prazas ofertadas. A nota media de acceso dos alumnos que se presentaron ás PAAU foi de 8,58 (a máis alta dos últimos seis cursos) e a maior parte dos matriculados accederon pola cota xeral (55). É de destacar que o 86,4% dos alumnos finalmente matriculados solicitaron o GLLG como primeira opción de preferéncia. Os alumnos que accederon pola cota xeral son todos orixinarios de Galicia, principalmente das provincias da Coruña e Pontevedra (43). A pesar de seren as provincias con maior poboación, o que explica este feito, será necesario poñer en marcha algún tipo de acción de difusión de información sobre o GLLG en centros das provincias de Ourense e Lugo (2501098_INF.16_2017-2018). Proponse unha acción de mellora GLLG_AM-1

Seguindo a tendencia do curso anterior, é de destacar que se continuou incrementando o número de estudantes que escolleron esta titulación como preferente. No cadro que segue móstranse as cifras correspondentes a este curso e ós tres anteriores, con especificación da matrícula xeral, da matrícula de inicio de estudos, do número de matriculados como primeira opción, da porcentaxe de matriculados de primeira opción e da porcentaxe de estudantes con puntuación de acceso superior a seis. Da comparación entre os cursos obsérvase o incremento nas cifras que se vén producindo nos últimos anos e que dá conta da consolidación do grao na oferta de títulos do SUG.

Curso	Matrícula	Matrícula de inicio de estudos	N de matriculados en 1ª opción	% de matriculados en 1ª opción	% de estudantes que acceden con puntuación superior a 6
2017-2018	140	56	51	86,4	87,27
2016-2017	118	28	17	60,7%	56
2015-2016	123	35	25	71,4%	75
2014-2015	118	33	25	75,8%	82,14

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

As normativas xerais da USC e particulares da Facultade de Filoloxía aplicáronse de forma adecuada neste curso 2017-2018. De forma xeral e a partir dos resultados que é posible avaliar, pode dicirse que tiveron un impacto positivo no GLLG. Fóra das normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación do título (consúltese especialmente as normativas aprobadas no primeiro cuadrimestre de 2017), durante o curso 2017-2018 tomouse o seguinte acordo do Consello de Goberno:

- Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16767>

Durante este curso non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos títulos de grao.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información necesaria e relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía (<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/index.html>) e mais na da USC (<http://www.usc.es/>). Nestes enlaces pode comprobarse que a información relativa ó GLLG figura actualizada e resulta de fácil acceso. Os sitios en que o alumnado interesado pode encontrar información específica sobre o GLLG son:

- Páxina con información xeral descritiva sobre o GLLG: http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/gaos/grao_galego/index.html Nesta páxina pode encontrarse información sobre:
 - Estrutura do grao: materias e distribución anual
 - Modalidades para cursar os módulos complementarios e optativo
 - Módulo específico para alumnado de intercambio
 - Programas e guías docentes das materias
 - Páxina de información sobre mestrados
 - Outra información:
 - Prácticas
 - Mobilidade
 - Calendario académico
 - Táboas de adaptación
 - Actividades culturais e outros

É de notar que neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web.

O GLLG conta tamén cun blog mantido pola coordinación do grao e pola dirección do Departamento de Filoloxía Galega no que se ofrece información de interese sobre a titulación e sobre actividades relacionadas: <https://graogalegousc.wordpress.com>.

Información sobre a satisfacción coa información recibida

Nos informes remitidos pola ACMP ofrécese información sobre a satisfacción dos usuarios con respecto á información recibida. No caso dos egresados os niveis de satisfacción neste curso son variables aínda que destaca de forma xeral a valoración alta que se fai da información recibida na propia Facultade (4,00), considerablemente superior á media da USC. Os datos dan conta tamén da necesidade de emprender algunha mellora na información ofrecida en unidades da USC externas á propia Facultade de Filoloxía (vid. táboa). É de notar que a participación nas enquisas se incrementou nos últimos cursos.

Indica a idoneidade dos seguintes medios para obter información

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Oficina de Información Universitaria	2,00	3,12	2,50	3,22	3,00	3,27	2,75	3,27
Unidade de Xestión Académica	2,33	3,12	2,40	3,26	2,78	3,33	2,89	3,38
Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela	2,67	3,30	3,20	3,45	3,11	3,44	3,22	3,41
Información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións,...)	3,00	3,08	3,80	3,16	3,67	3,18	4,00	3,27
Outros (Folletos informativos, anuncios en prensa, publicidade en xeral,...)	2,67	2,49	2,50	2,59	2,78	2,54	2,75	2,58

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

O profesorado considera de xeito xeral que a información e orientación recibida polos estudantes é suficiente. Como se pode comprobar na táboa seguinte, a valoración é alta e mantense en niveis similares ós de cursos anteriores. Cómpre notar que os criterios empregados nestas enquisas non poden ser comparados de xeito xeral coas enquisas de satisfacción realizadas polo alumnado.

	Valoración titulación 16/17	Valoración graos USC 16/17	Valoración titulación 17/18	Valoración graos USC 17/18
A información dispoñible en relación coa calidade	4,33	3,75	3,55	3,72
As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns	4,50	3,74	3,82	3,70
As vías de participación na mellora da calidade da titulación	4,33	3,59	3,73	3,57
A información pública dispoñible sobre a titulación	4,33	3,99	4,09	3,98

Cómpre sinalar tamén que, tal e como se anunciou no informe do curso anterior, a coordinación do GLLG utilizou a aula virtual de coordinación como ferramenta de comunicación co alumnado. Por medio desta vía fíxoselle chegar información sobre as enquisas de satisfacción, as convocatorias relacionadas co TFG e as reunións de curso cos coordinadores.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ó establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ó establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ó establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Procedementos de recollida de información

No curso 2017-2018, desenvóléronse de acordo co procedemento establecido e continuando cos métodos aplicados en cursos anteriores todos os mecanismos para a recolección e análise de información, detección de debilidades e proposta de accións de mellora (así como o correspondente seguimento destas accións).

A comisión do título do GLLG e a Comisión de Calidade do Centro realizaron o seguimento do desenvolvemento e mellora do título; nas actas correspondentes a estas reunións poden consultarse os puntos abordados. Na páxina web do centro pode consultarse tamén a composición destas comisións (<http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>). Toda esta información foise actualizando puntualmente.

A información recibida desde a ACMP foi complementada desde a Facultade, de xeito especial no que ten que ver coa satisfacción dos grupos de interese. Neste sentido convén destacar a realización de dúas enquisas coa finalidade de realizar:

(1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado. A través de enquisas dirixidas a estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade etc. A información recadada permitiu orientar as campañas de captación do alumnado e iniciar accións para este mesmo fin. Ver documentos en carpeta de evidencias E3.

(2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG. Por medio de enquisas ós estudantes que defenden o seu TFG e co fin de recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados, pero tamén co procedemento en xeral (titorización, avaliación etc.). Ver documentos en carpeta de evidencias E26.

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, o centro realizou unha acción co fin de contribuir a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa da entrada ó centro, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Desde a coordinación do título do GLLG por medio das ferramentas da aula virtual de coordinación difundíuse información e documentos a todo o profesorado e estudiantado do título. De maneira particular, os profesores das materias do GLLG informaron nas aulas ó alumnado sobre a



necesidade da súa colaboración neste proceso de obtención de información. A partir da información obtida pode comprobarse que se produciu un incremento na participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (sete puntos con respecto ó curso anterior; vid. Gráfico). Con todo, resulta aínda evidente que é preciso continuar con accións que axuden a concienciar ó alumnado da necesidade da súa participación nestas enquisas, dado que é unha fonte fundamental para obter información.

Con respecto ós procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións (incluída a caixa de suxestións, queixas e felicitacións que se puxo en marcha en febreiro de 2018) é preciso sinalar que se desenvolveron consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

As enquisas de valoración do profesorado coa docencia impartida mostran uns índices moi similares ós dos cursos anteriores. A participación nas enquisas aumentou (45.05%) e a valoración global é moi similar á dos cursos pasados (3.87). É de destacar o aumento do interese dos profesores por recibir formación e apoio para a mellora da docencia, tanto relativa a aspectos didácticos e pedagóxicos (en 2013-2014 6% e neste curso 88%) como a novas tecnoloxías (en 2013-2014 8% e neste curso 75%).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao longo do curso 2017-2018 fíxose o seguimento do GLLG seguindo o calendario establecido pola USC. O informe correspondente foi aprobado na Xunta de Facultade de 21/03/2018.

Con respecto á Memoria de Calidade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento do título, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles desde a páxina do centro, de xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión (<http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>).

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou o 22/02/2018 a modificación do Sistema de Garantía de Calidade marco, co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade. Este redeseño do SGC marco consistiu en:

1. Eliminar aqueles procesos en que os centros non teñen competencias, creando un nivel institucional.
2. Adaptalo ás incorporacións doutros centros, como as Escolas de Doutoramento Internacional ou o CIEDUS.
3. Eliminar aqueles procesos que se consideran suficientemente descritos na normativa correspondente.
4. Dotar o sistema dunha maior flexibilidade, adaptándose ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC dispón dun breve manual da USC, pero tamén contempla un manual do sistema para os centros, onde se detalla o alcance, a estrutura e os detalles do seu funcionamento. En canto ó Manual de Procesos e Procedementos, créanse 8 procesos a nivel institucional e déixanse só 13 a nivel de centro, fronte ó antigo manual, exclusivamente de centro, que contaba con 22 procesos e 26 procedementos.

Estableceuse o prazo dun ano desde a data de aprobación para que os centros axustasen o seu sistema á nova documentación. Co fin de organizar as tarefas de adaptación, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos anunciou un calendario de reunións coas Comisións de Calidade dos centros. Porén, como consecuencia da celebración de eleccións a reitor/a e os subseguintes cambios no equipo de goberno e na propia ACMP, estas reunións non chegaron a producirse, de xeito que aínda se atopa pendente todo o proceso de adaptación ó novo SGC marco da USC.

Por último, polo que se refire particularmente á Facultade de Filoloxía, cómpre mencionar que se está a elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, pero foi preciso adiar a data de remate que se establecera inicialmente, de xeito que se prevé que as tarefas rematen antes da finalización do curso 2018-2019.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ó primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ó Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ó profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Profesorado do título

Os 17 profesores que imparten docencia no GLLG (materias de formación básica con contidos de específicos do GLLG, de Maior e de Maior plus) teñen recoñecida experiencia investigadora e docente adecuada para desenvolver as súas tarefas na titulación. De acordo con datos do curso 2017-2018, o número total de quinquenios é de 87 (5,1 por profesor) e o de sexenios de 45 (2,6 por profesor). A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total non variou con respecto ó curso pasado (89%). Todos os membros do PDI son doutores e o 75% é funcionario (a porcentaxe de PDI funcionario descendeu minimamente -87%- debido ás xubilacións producidas; as porcentaxes de PDI con sexenios, doutor e funcionario é superior á media da USC). É de destacar tamén que nos últimos cursos se procurou unha estabilidade no encargo docente e, como consecuencia, neste curso a maioría dos profesores levaba unha media de 4 anos responsabilizándose das mesmas materias no GLLG. Este feito ten unha repercusión positiva na calidade da docencia recibida polo alumnado (o grao de satisfacción expresado incrementouse notablemente nos últimos cursos; a valoración global é de 4.11, o grao de satisfacción cos profesores das materias é do 4.12). É de destacar a valoración moi positiva con respecto á motivación e á axuda recibida nas titorías.

Durante este curso tamén asumiron responsabilidades docentes dous investigadores en formación con contratos predoutorais do Ministerio e da Xunta de Galicia. A este respecto, debemos mencionar que aínda que os contratados en formación con carga docente están sempre titorizados e supervisados por un PDI, tamén interveñen na toma de decisións que ten lugar nas reunións de coordinación das materias nas que participan como docentes.

O profesorado responsable das materias de 1º curso de formación básica ten ampla experiencia docente e investigadora, como se pode comprobar polos datos que figuran no documento E15_2017-2018. Conta ademais coa colaboración dos dous profesores en formación que achegan espírito innovador, maior coñecemento das características do alumnado pola súa recente graduación e unha diferente e nova perspectiva sobre o proceso docente. No conxunto da Facultade de Filoloxía incorporáronse 5 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ó centro durante o curso 2017-2018 é de 26 persoas.

Con respecto ás prácticas externas, como nos cursos pasados, varios profesores da titulación titorizaron academicamente o alumnado que desenvolveu prácticas en empresas e institucións. Ademais de realizar a avaliación correspondente, os titores encargáronse de recadar información sobre o grao de satisfacción dos alumnos coas prácticas realizadas e tamén suxestións que fosen de interese para realizar modificacións na oferta de prácticas. De forma xeral e segundo mostran os documentos que se achegan, a valoración que o alumnado fai das prácticas é positiva (vid. 7.2).

Formación e mobilidade do profesorado

Durante este curso o profesorado do GLLG participou en actividades de formación docente, fundamentalmente a través da oferta da USC e tamén de seminarios específicos ofrecidos na Facultade de Filoloxía. O nivel de participación nestas actividades incrementouse con respecto ó curso pasado (28%) e mantense nuns índices similares ós do resto das titulacións. No conxunto da Facultade de Filoloxía celebráronse neste curso un total de 49 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

Con respecto á mobilidade, durante este curso realizáronse unhas 385 accións de mobilidade do PDI do centro (un pouco inferior ós cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430; 2016-2017: 426). A maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadias de investigación etc.; 322 accións (84% aprox. do total; proporción semellante á do curso 2016-2017: 88%). Arredor de 63 accións estiveron vinculadas coa asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.

Por outro lado é preciso sinalar que durante o curso 2017-2018, a Facultade acolleu a un total de 19 profesores/as investigadores/as visitantes, procedentes de universidades de Brasil, China, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal e Reino Unido, así como doutras universidades galegas e españolas (A Coruña, Salamanca, Valencia e Vigo). Estes/as profesores/as desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro e case a metade deles (8 de 19) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ó persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se vén sinalando nos informes de seguimento de cursos anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. En todo caso, a Facultade segue a reiterar a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire ás enquisas de satisfacción, a diferenza dos cursos anteriores, no curso 2017-2018 realizáronse de maneira separada ó persoal da Biblioteca e ó persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centros e Departamentos. En todo caso, cómpre destacar o descenso na participación: o 46,2 % fronte ó 57,7% do curso 2016-2017. Con respecto ós resultados, apréciase un lixeiro ascenso na satisfacción relativa ó sistema de reparto de cargas de traballo (4, fronte a 3,6 do curso 2016-2017), ó sentimento de pertenza a un equipo de traballo (4, fronte a 3,8 do curso 2016-2017) e á facilidade para expresar opinións (4,17, fronte a 3,73 do curso 2016-2017).

En canto á participación do PAS en actividades formativas, produciuse un aumento na participación (44% en 2017, fronte

ó 33% de 2016). Polo que atinxe á satisfacción coa formación recibida, a valoración mantense nos niveis de anos anteriores (3,99 en 2017, fronte a 3,91 de 2016 ou 3,99 de 2015).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ó proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ó estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ó estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades vinculadas coa docencia e a formación do GLLG desenvólense na Facultade de Filoloxía da USC. Estas actividades realizáronse durante o curso 2017-2018 de forma satisfactoria e sen ningunha incidencia destacable. A continuación ofrécese información xeral referida ó centro.

Infraestruturas e recursos materiais

O centro conta con instalacións adecuadas para o desenvolvemento das actividades docentes dos distintos graos impartidos. No curso 2017-2018 realizáronse una serie actuacións e melloras que se sinalan a continuación. Nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores inclúese información detallada sobre as instalacións e outros aspectos (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ó estudantado). As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

- I. Acondicionamento dos espazos docentes:

- Conversión do antigo despacho B10 nunha aula para a docencia.
- Insonorización da sala de videoconferencia B03.
- Vernizado das tarimas das aulas.
- Colocación de estores nalgunhas aulas e en salas de traballo.

II. Adquisición de mobiliario:

- Adquisición de mobiliario (mesas, cadeiras etc.) para a nova aula de docencia B10.
- Adquisición de taboleiros modulares para o vestíbulo.

III. Renovación de equipamento informático:

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición de discos duros SSD para os ordenadores das aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición dunha pantalla intelixente para a nova aula de docencia B10 (vid. infra).
- Adquisición de ordenadores portátiles para a docencia e para préstamo da biblioteca.
- Adaptación dos auriculares da aula do laboratorio de idiomas B04

Fondos bibliográficos

Os datos correspondentes ó ano 2018 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Total de títulos de monografías en papel: 163.476
Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355
Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737
Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396

Total de documentos catalogados en 2018:
- monografías: 1.656
- publicacións periódicas: 1
- analíticas de monografías e de publicacións periódicas: 592

Volumes prestados no centro: 50.692
Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456

Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade: 10.000€ do orzamento descentralizado do ano 2018 da Facultade de Filoloxía.

Actividades dirixidas á orientación e atención ó estudantado (servizos propios da Facultade de Filoloxía)

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un Plan de Acción Titorial (PAT), que formalizou así a política activa de orientación e atención ó estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. A continuación ofrécese un resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2017-2018:

I. Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade

Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*.

a. Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "O patrimonio lingüístico: ¿de quen é a lingua?"

IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)

IES EDUARDO PONDAL (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega"

IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)

IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)

IES FELIX MURIEL (Rianxo - A Coruña)

CPR LOS SAUCES (Pontevedra)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla: "Por que nos chamamos así? Os apelidos galegos"

IES TERRA DO XALLAS (Santa Comba - A Coruña)

IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)

IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "Linguas en contacto"

IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)

IES URBANO LUGRÍS (Malpica de Bergantiños - A Coruña)

IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)

IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

JOSÉ VIRGILIO GARCÍA TRABAZO (Área de Lingüística Indoeuropea)

Charla "Lingüística Indoeuropea: reconstruíndo a prehistoria das nosas linguas e culturas"

IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)

IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña)

IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)

LAURA MARÍA LOJO RODRÍGUEZ (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla "William Shakespeare"

IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)

IES DE PONTE CALDELAS (Ponte Caldelas – Pontevedra)

IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla "Teenager language, a linguaxe adolescente"

IES Nº 1 (Ribeira – A Coruña)

IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)

IES Nº 1 O Carballiño (O Carballiño – Ourense)

IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)

IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "Como coñecemos a orixe das palabras"

IES ANTONIO FRAGUAS (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)

CPI DE MONDARIZ (Mondariz – Pontevedra)

CPR OBRADOIRO (A Coruña)

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ (Vilagarcía de Arousa – Pontevedra)

TANIA VÁZQUEZ GARCÍA (Investigadora)

Charla "As mulleres medievais do Noroeste Peninsular: mitos e realidades..."

IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)
IES ANXEL FOLE (Lugo)
IES LUIS SEOANE (Pontevedra)
IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
IES DE BRION (Brión - A Coruña)

Para información máis detallada sobre o programa *A Ponte: entre o ensino medio e a USC* pode consultarse a memoria do curso:
<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria-2017-2018.pdf>

b. Encontros na USC 2017-2018:

Os días 6, 7 e 8 febreiro de 2018 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 3.356 estudantes de 63 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar. Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 354 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

- c. Participación nas XXVI Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 06/04/2017. Profa. Susana Jiménez Placer.
- d. Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade (folletos, trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (abril-maio de 2018).
- e. Distribución de folletos específicos sobre o GLLG. Repartíronse folletos de divulgación dos estudos do GLLG mediante un envío ós centros de ensino secundario e tamén nas charlas organizadas dentro do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC.

II. Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

Sesión de benvida ós estudantes de novo ingreso (11/09/2017).

Xornada informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (17/04/2018).

Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (12/09/2017).

Sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes:

- 13/12/2017: Sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos. Esta sesión, que incluíu tamén información sobre o procedemento de asignación de prazas do programa, complementou a organizada polo persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC o día 21/11/2017 na Facultade de CC. Económicas e Empresariais para todo o estudiantado do Campus Norte.
- 06/02/2018: Sesión informativa sobre convenios bilaterais e o programa SICUE.

Xornada informativa sobre a oferta de estudos de mestrado da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (17/04/2018).

Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (12/09/2017).

III. Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ó inicio de cada cuatrimestre (Vicerreitora de Internacionalización e membros do equipo decanal) (13/09/2017 e 22/01/2018).

IV. Actividades dirixidas á empregabilidade e orientación profesional

Xornada Móvete (11/04/2018) Programas de Prácticas Internacionais, Recursos e Oportunidades de Tráballo e Mobilidade para a Mocidade. Área de Orientación Laboral e Emprego, VR de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.

Xornadas de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (6-7/06/2018):

- Que se espera de ti no mundo profesional? Prepárate para saber que mostrar no teu CV.
- Es o que compartes na Rede!
- Técnicas de selección de persoal.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ó finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ó nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Valora o grao en que a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciarias os seguintes aspectos da tua formación:

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	3,67	3,64	4,60	3,68	4,22	3,79	4,00	3,81
Pensamento crítico	2,67	3,33	4,60	3,41	3,56	3,42	4,22	3,50
Capacidade de comunicación oral/escrita	3,33	3,20	4,60	3,31	4,11	3,35	3,89	3,35
Capacidade de traballo en equipo	3,00	3,27	4,20	3,44	3,89	3,50	3,56	3,48
Capacidade de análise	2,67	3,30	4,60	3,37	3,78	3,37	4,11	3,44
Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	3,00	3,27	4,60	3,36	3,78	3,36	3,89	3,40
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo	3,00	2,90	4,20	2,97	3,22	3,01	3,67	3,05

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Molto)

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Co fin de dar conta da consecución dos resultados de aprendizaxe acadados polos titulados, preséntase a continuación a información extraída das diferentes enquisas de satisfacción realizadas no curso 2017-2018. Achéganse ademais os datos de cursos anteriores para facilitar a valoración. A valoración do proceso formativo debe analizarse tendo en conta as competencias e os obxectivos xerais e específicos das materias que compoñen o grao. Con todo, a valoración expresada polo alumnado nas enquisas ten un carácter máis xeral e responde ós criterios sobre os que se pregunta. O número de cuestionarios cubertos polos egresados neste curso foi de nove (taxa de resposta do 47,37%).

Docencia do grao

Grao de satisfacción coa formación recibida

O grao de satisfacción coa formación recibida, tanto teórica como práctica, é superior ó do curso pasado. Como na maioría dos cursos precedentes, a satisfacción da formación teórica é máis alta cá da formación práctica.

Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida na titulación:

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Formación Teórica	3,33	3,53	4,40	3,56	3,78	3,56	4,22	3,61
Formación Práctica	2,67	2,46	3,40	2,67	3,11	3,64	3,22	2,74

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Molto)

Valoración da adquisición de competencias

No que respecta ás competencias adquiridas, a valoración é superior á media da USC en todos os criterios e destaca de xeito especial en "Pensamento crítico", "Capacidade de análise" e "Capacidade para aprendizaxe autónoma". Con respecto ós cursos pasados, obsérvase un mantemento dos índices de valoración, polo xeral altos (sempre superiores a 3,5).

A estes índices é preciso engadir a información sobre o grao de satisfacción global co profesorado da titulación (4,11),

un punto superior á media da USC, e o grao en que se cumpriron as expectativas (3,56), superior tamén á media da USC.

Eficacia do plan de estudos e do proceso de aprendizaxe

Na documentación achegada tamén se ofrecen datos que axudan a valorar a eficacia do plan de estudos en relación co proceso de aprendizaxe. Os indicadores que resultan máis ilustrativos coméntanse a continuación.

- Taxa de éxito

A relación entre o número de créditos que superaron os estudantes e o número de créditos ós que se presentaron é lixeiramente superior ó dos catro anos precedentes e sitúase no 84,11, un valor de éxito elevado. Cómpre notar que este nivel porcentual se incrementa desde o primeiro ata o cuarto curso (un incremento que tamén se advirte nos cursos pasados).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	68,46	66,06	76,49	65,72	64,37	73,94
2º curso	88,50	81,44	80,58	89,33	84,19	85,16
3º curso	92,59	86,14	92,57	91,85	90,87	93,47
4º curso	96,59	92,38	93,79	94,15	95,41	95,45
Sen asignación a curso	66,67	-	-	100,00	100,00	100,00
Total (%)	85,41	80,48	83,84	83,76	83,03	84,11

- Taxa de avaliación

Con respecto á relación entre o número de créditos ós que se presentaron e o número total de créditos en que se matricularon, os valores correspondentes a este curso son similares ós dos cursos anteriores, aínda que se aprecia un incremento no primeiro e cuarto curso.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	71,30	91,33	86,22	76,90	76,23	81,10
2º curso	84,03	86,53	90,64	82,12	86,69	76,35
3º curso	91,91	89,78	87,06	91,02	92,44	84,32
4º curso	96,70	85,77	76,30	79,32	81,34	84,32
Sen asignación a curso	75,00	-	-	100,00	100,00	100,00
Total (%)	83,85	88,55	85,51	81,87	83,41	81,68

- Taxa de rendemento

A relación entre número de créditos superados e número de créditos en que se matriculou o alumnado (créditos ordinarios) sitúase neste curso en niveis similares os dos cursos pasados (68,70%). É de destacar o aumento da relación en primeiro e cuarto curso.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	48,82	60,33	65,95	50,54	49,07	59,97
2º curso	74,37	70,47	73,03	73,36	72,98	65,02
3º curso	85,11	77,33	80,60	83,59	84,00	78,81
4º curso	93,41	79,23	71,56	74,68	77,61	80,49
Sen asignación a curso	50,00	-	-	100,00	100,00	100,00
Total (%)	71,61	71,27	71,69	68,57	69,26	68,70

Traballo de fin de grao

Valoración das competencias acadadas na realización do TFG

Para valorar a satisfacción co Traballo de Fin de Grao contamos cos datos de 3 enquisas para este curso. Segundo estes datos a valoración expresada é positiva. Os alumnos consideran que o tempo dedicado a cada unha das tarefas e apartados é o adecuado. Tamén sinalan que a realización do TFG contribuíu positivamente á súa formación e destacan que axudou directamente ás competencias relacionadas coa planificación e desenvolvemento dun traballo académico (deseño, organización, busca de información, identificación de obxectivos, dominio de expresión oral e escrita, etc.). Tamén sinalan que o traballo contribuíu decisivamente á adquisición das capacidades recollidas na memoria, de forma

especial aquelas que foron valoradas de forma máis positiva polos egresados (capacidade crítica, capacidade de reflexión etc.). É preciso sinalar que nas respostas se detecta algunha disfunción relacionada co emprego das ferramentas informáticas.

A valoración global que expresan é positiva.

12 En que medida estás de acordo coas seguintes informacións?

12a. Globalmente estou satisfeito coa información recibida sobre o TFG

	1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Nº respostas			3		

12b. Globalmente estou satisfeito coa miña relación co titor

	1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Nº respostas				1	2

12c. Globalmente estou satisfeito co sistema de avaliación empregado

	1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Nº respostas				2	1

12d. Globalmente estou satisfeito coa realización do TFG

	1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Nº respostas				2	1

Comentario xeral

Á vista da información obtida e exposta é posible sinalar que a valoración que os estudantes fan sobre os resultados obtidos na titulación son positivos. A este respecto é preciso analizar o motivo polo que os índices referidos ó primeiro e cuarto curso son habitualmente máis positivos cós referidos ós cursos segundo e terceiro [2501098_INF.13_2017_2018].

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.


Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Demanda e matrícula

A pesar de que a oferta de prazas deste curso se mantivo nas mesmas cifras cós cursos anteriores (50) é de notar o incremento notable na demanda (154 solicitudes de alumnos de bacharelato, 4 de Formación Profesional, 6 de titulados universitarios e 1 de maiores de 25 anos; tomado da CIUG; 2501098_INF.CIUG_2017-2018). O número total de alumnos matriculados tamén se incrementou respecto dos cursos pasados e de xeito relevante, como se pode observar no gráfico (59 alumnos matriculados de 65 admitidos). Amais doutras causas vinculadas coa convocatoria de prazas no Ensino Secundario para os titulados, semella que as accións emprendidas nos cursos pasados e que se sinalan no IS de 2016-2017 tiveron un efecto positivo sobre a demanda. A maior parte dos alumnos accederon a través do Bacharelato e despois de realizadas as probas de acceso. Tamén a maior parte deles se matricularon en xuño, son mulleres (85%) e seleccionaron o GLLG como primeira preferencia (86,4%).



É preciso notar que como se sinalou en 1.4 a nota media dos alumnos que finalmente se matricularon na titulación é superior á dos cursos pasados, a pesar do incremento de alumnos matriculados.

Resultados

A valoración dos resultados está realizada a partir da información que nos consta nestes cursos sobre o percorrido académico e laboral do alumnado. En 6.1 ofrécense tamén información sobre outros índices que complementa a valoración xeral dos resultados (taxa de éxito, taxa de rendemento etc.).

Taxa de graduación e de idoneidade

A taxa de graduación tivo un lixeiro descenso con respecto ó curso anterior, pero semella que mostra unha tendencia ó mantemento que se sitúa lonxe da taxa do curso 2015-2016.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	39,53	41,94	47,37	14,29	38,46	36,00

A taxa de idoneidade dá conta da eficacia do alumno e da institución responsable da titulación con relación á actividade académica. Neste curso incrementouse notablemente con respecto ós dous cursos anteriores (2015-2016, 12,90; 2016-2017, 15,79; e 2017-2018, 23,81).

Duración media dos estudos

A duración media de realización dos estudos mostra un descenso con respecto ós dous cursos pasados. Este dato debe valorarse positivamente, dado que supón un descenso que é previsible que teña continuidade nos próximos cursos

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	4,00	4,40	4,69	5,55	5,27	4,89

Taxa de abandono

Os datos que constan para este curso sobre a taxa de abandono dan conta dun importante descenso deste valor. A porcentaxe de alumnos que abandonaron a titulación é moi inferior á de todos os anos precedentes (23,81). Con respecto á taxa de abandono no primeiro curso tamén se observa un descenso en relación co curso anterior. Esta variación pode estar relacionada co incremento da nota media de ingreso e, de xeito máis directo, com aumento do número de alumnos que escolleron o GLLG como primeira opción na matriculación (cf. Criterio 1)

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	31,58	48,84	41,94	47,37	23,81

Taxa de abandono

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	39,53	41,94	47,37	14,29	38,46	36,00

Taxa de abandono no primeiro curso

Taxa de éxito dos egresados

A taxa de éxito dos egresados mantense en valores moi similares ós dos dous cursos pasados (85,09) e continúa a ser tres puntos superior á taxa de éxito do conxunto do alumnado.

Taxa de eficiencia dos egresados

Con relación á taxa de eficiencia dos egresados para o curso 2017-2018 obsérvase un incremento relevante con respecto ós cursos anteriores (84,89). Considerando este valor e a taxa de éxito dos egresados a valoración xeral dos resultados dos alumnos titulados é de forma xeral positiva. Cómpre ter en conta que as diferenzas entre a taxa de eficiencia dos egresados e a taxa de rendemento xeral pode explicarse pola incidencia que nestes valores ten o número de alumnos "non presentados".

	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	78,75	79,50	84,89

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese

son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información que se comenta nesta sección está tomada das respostas recollidas das enquisas realizadas ó alumnado do GLLG. Como se fai constar nas seccións precedentes (3.1), o número de alumnos participantes nestas enquisas aumentou lixeiramente neste curso. Con todo, é preciso manter e complementar as accións que favorezan a participación dos alumnos nestas enquisas. Proponse unha acción de mellora GLLG_AM-3

Estudantes

Satisfacción coa docencia recibida

A valoración mantívose nos índices dos dous cursos pasados, cunha pequena variación. É de notar que este valor está por riba da media da USC (3,94 na área de Artes e Humanidades para 2016-2017; área de Artes e Humanidades para 2016-2017; 3,86 para o conxunto das áreas en 2016-2017). Analizados en detalle os resultados da enquisa obsérvase que a valoración media está en todos os criterios próxima ou por riba do 4. Os criterios puntuados de forma máis positiva están relacionados co cumprimento da programación, cos recursos didácticos, coa atención dispensada ós alumnos e co coñecemento dos contidos. Advírtese que se debería mellorar e potenciar as actividades que teñan por fin acadar unha aprendizaxe autónoma.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	3,82	3,81	3,92	4,09	4,15	4,11

Como no curso anterior, en 2017-2018 realizouse unha enquisa ó alumnado de primeiro curso co propósito de coñecer a súa valoración da docencia recibida e do cumprimento das expectativas iniciais. Esta enquisa realizouse no mes de abril de 2018 e foi cuberta por 33 estudantes do GLLG. No que respecta ó grao de correspondencia entre as expectativas sobre a titulación e a realidade encontrada, a opción escollida pola maioría foi "Cumpríronse nun grao razoable". Tres das/dos estudantes marcaron "Cumpríronse plenamente ou superáronse as miñas expectativas" e outras/outros catro "Decepcionoume un pouco". Entre os aspectos positivos que destacaron da docencia recibida, o alumnado apuntou a proximidade no trato co profesorado, os seus coñecementos das materias e a axeitada programación e organización dos contidos.

Tamén recolleemos información sobre a valoración que fan os alumnos de último curso sobre a docencia recibida na titulación (Informe reunións alumnado 2017_2018.pdf; E5). Esta información foi recadada nunha reunión cos coordinadores (de curso e de grao) e a partir das intervencións dos alumnos. De xeito xeral móstranse moi satisfeitos coa formación recibida e recoñecen a formación alta do profesorado. As suxestións de mellora expresada tiñan relación coas materias de literatura sobre as que fixeron notar a necesidade dunha oferta de materias máis variada e específica.

Satisfacción co Traballo de Fin de Grao

A pesar de que durante este curso se defenderon 25 traballos de Fin de Grao, só tres alumnos cubriron as enquisas de satisfacción. Os resultados da enquisa mostran unha valoración xeral positiva (ver 6.1). Os alumnos expresan a súa satisfacción co traballo desenvolvido polos titores e co rendemento que a actividade tivo para eles. Con todo, sinalan a necesidade de recibir formación complementaria durante a titulación sobre aspectos indispensables para a elaboración do TFG como a presentación formal, a redacción e o manexo de fontes de información

Satisfacción cos programas de prácticas externas

No curso 2017-2018 só dous alumnos realizaron prácticas externas e non contamos con resultados de enquisas de satisfacción. As cualificacións obtidas por estes alumnos na realización das prácticas foron positivas, un notable e un sobresaliente, polo que debemos interpretar que a aprendizaxe e formación recibida polos alumnos foi valorada como óptima de maneira xeral polos respectivos titores. Proponse unha acción de mellora GLLG_AM-2

Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade

Durante este curso só unha alumna participou nun programa de mobilidade (Erasmus+, Universidade de Lisboa). Na valoración expresada na enquisa a puntuación na maioría dos criterios está por riba do 4. O único aspecto valorado por debaixo de 4 é o relativo á “facilidade para elaborar o acordo de estudos/acordo académico na USC antes de iniciar o intercambio”. De xeito global a valoración expresada é superior á que figura para o curso pasado (4,33).

Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade

Durante este curso foron dous os alumnos provenientes de programas de mobilidade que se integraron no grao. Non dispoñemos de información sobre o seu grao de satisfacción xa que non participaron na enquisa.

Satisfacción dos egresados coa titulación

A satisfacción xeral dos egresados coa titulación mantense nos mesmos valores có curso pasado (3,59). En todos os indicadores a valoración atribuída á titulación é superior á media da USC. Destacan pola valoración alta os aspectos vinculados coas capacidades adquiridas e coa satisfacción respecto do profesorado da titulación (un punto por riba da media da USC). Como xa se comentou máis arriba, as valoracións máis baixas están atribuídas a aspectos alleos ó centro e á titulación (xestión académica, oficina de información universitaria etc.).

Profesorado

Satisfacción coa docencia impartida e coa titulación

No curso 2017-2018 a satisfacción do profesorado coa docencia impartida continuou en niveis altos, aínda que cun pequeno descenso con respecto á valoración global do curso pasado (é preciso ter en conta que o nivel de participación, como se advirte máis arriba, aumentou). Como nos cursos anteriores o parámetro valorado de forma máis positiva é o correspondente á coordinación entre os profesores da materia. Tamén destacan pola valoración alta a satisfacción respecto do servizo de apoio, dos recursos do centro e da relación co alumnado en clases e titorías. Tamén como en cursos anteriores o criterio peor valorado é o que fai referencia ó nivel de acceso do alumnado (coñecementos e habilidades), que é considerado como aceptable (3,41).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	3,71	3,79	3,77	3,96	3,85

Satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas

Na enquisa de satisfacción do profesorado do título coa docencia impartida inclúense dous parámetros sobre o interese en recibir formación de apoio en novas tecnoloxías e en didáctica. A maior parte do profesorado que contestou á enquisa expresa o seu interese por esta formación (88% e 75%). Con respecto á satisfacción do profesorado coa formación recibida, contamos cos datos referidos a toda a USC. De maneira xeral, o profesorado móstrase satisfeito coas actividades de formación e os valores para os distintos ítems son similares ós de cursos pasados; todos os valores son superiores ós de cursos pasados e destacan por moi positivos os referidos á consecución de obxectivos (4,41) e utilidade da formación (4,42). A maioría dos participantes consideran que a actividade é moi recomendable para os docentes (4,42). A taxa de participación na enquisa foi este ano do 51,26%.

Titores académicos das prácticas externas

Contamos con moi pouca información sobre a satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (o número de alumnos participantes nas prácticas foi, como xa se anotou, moi baixo neste curso). Dos dous titores participantes só respondeu un. A valoración que fixo das prácticas foi positiva (5 en todos os parámetros) e en nivel superior ó de cursos pasados. Resulta evidente a necesidade de emprender accións que promovan a participación dos alumnos nas prácticas e que tamén chamen á participación dos titores nas enquisas de satisfacción. Proponse unha acción de mellora GLLG_AM-3

Persoal de administración e servizos

Satisfacción global do PAS

O conxunto do PAS da Facultade de Filoloxía mostra un grao de satisfacción bastante elevado na realización do seu traballo (3,67). As valoracións mantéñense practicamente iguais en todos os ítems ou mesmo ascenden lixeiramente en “Síntome parte dun equipo de traballo” e “Reparto de cargas de traballo”. Mantense alta a satisfacción cos parámetros referentes a “Dirección da unidade”, a “Comunicación”, os “Espazos e recursos”, a “Formación” e “Satisfacción global” mantéñense moi próximos dos valores alcanzados no curso anterior e, en xeral, próximos da media da USC. De xeito xeral en todas as valoracións se advirte un pequeno incremento da valoración de satisfacción con respecto ó curso

anterior. A participación nas enquisas de valoración foi inferior á do curso pasado (46,2%).

Satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas

A satisfacción do PAS coas actividades de formación recibidas é elevada aínda que non tan alta como no caso do profesorado. Os datos de que dispoñemos, como no caso do PDI, corresponde a toda a USC (a taxa de resposta é do 65,59%). A valoración media para este curso é de 3,99. O ítem valorado con menor puntuación ten que ver un ano máis coa información previa recibida sobre o curso (3,81). A porcentaxe de asistentes que considera a formación como moi recomendable para os seus compañeiros é do 84,87, cinco puntos superior á do curso pasado.

Outros grupos de interese

Titores profesionais das prácticas externas

Non contamos con información referente ó nivel de satisfacción do titores profesionais das prácticas externas. A pesar da acción desenvolvida para reclamar o interese da súa participación, ningún deles cubriu a enquisa. Proponse unha acción de mellora GLLG_AM-3

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ó contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non están á nosa disposición datos cos que revisar a valoración sobre inserción laboral presentada nos cursos precedentes (a última información que nos consta é referente á cohorte de egresados de 2013-2014).

Con respecto a este criterio é preciso facer constar que tanto o centro como a coordinación do grao a través dos portais web e blogs respectivos difunden información sobre convocatorias públicas de contratación que poidan ser de interese para os graduados. De xeito especial, faise difusión das convocatorias de contratos en centros de investigación ligados ó Sistema Universitario Galego.

3. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/graos/grao_galego/index.html
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) Informe de reunións de coordinación co alumnado	Carpetas actas Informe reunións alumnado_2017_2018
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF (a facer pola UAXCD) Listaxe_TFGs_GLLG_2017-2018.pdf [E6]
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do	Autoinforme, Criterios 1 e 6

		título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501098_P.Ind_2017-2018
			2501098_INF.16_2017-2018
			2501098_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501098_P.Ind_2017-2018
			5040_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos	Web do Centro

		humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501098_P.Ind_2017-2018
			2501098_INF.04_2017-2018
			5040_INF.05_2017-2018
			2501098_INF.06_2017-2018
			2501098_INF.07_2017-2018
			2501098_INF.08_2017-2018
			2501098_INF.09_2017-2018
			5040_INF.10_2017-2018
			5040_INF.11_2017-2018
			2501098_INF.13_2017-2018
			2501098_INF.14_2017-2018
			5040_INF.21_2017-2018
			2501098_INF.22_2017-2018
			2501098_INF.23_2017-2018
2501098_Informe_de_indicadores_2017-2018			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501098_P.Ind_2017-2018
			2501098_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501098_E15_2017-2018
4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e	5040_E16_2017-2018

		cargo/posto desempeñado)	
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501098_INF.13_2017-2018
			2501098_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web (convocatoria) ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF

5	E2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF Listaxe_TFGs_GLLG_2017-2018.pdf [E24]
6	E2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501098_INF.15_2017-2018
6	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501098_P.Ind_2017-2018
			2501098_INF.17_2017-2018
			2501098_INF.18_2017-2018
			2501098_INF.19_2017-2018
			2501098 _INF_SIIU_2017-2018
			2501098 _Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501098_P.Ind_2017-2018
			2501098_INF.CiUG_2017-2018
			2501098_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501098_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501098_P.Ind_2017-2018 2501098 _Informe_de_indicadores_2017-2018 2501098 _MedUSC_2017-2018

4 .MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non houbo modificacións no plan de estudos durante este curso.	